

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN  
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL  
SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE SETEMBRO DE 2015**

**A C T A**

Ás 16:30 horas do día indicado reúnen-se na sala común de e-meeting do máster os membros reseñados a continuación:

**Asistentes (5):**

Beatriz P. Comendador Rey, Álvaro Arízaga, Natalia Caparrini Marín, Mercedes Solla Carracelas e M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz.

**Disculpan a súa asistencia (2):**

Cristina Montojo Santos, Belén Riveiro.

**Con voz pero sen voto (1):**

Susana Reboreda



**ORDE DO DÍA:**

**1.- Informe da presidenta**

A coordinadora presenta á decana da Facultade de Historia Susana Reboreda Morillo, que asistirá en diante ás reunións da CAM para facilitar o desenvolvemento do Sistema Interno de Garantía de Calidade.

O venres 18 de setembro o mestrado contaba con 21 estudantes matriculados: 20 de matrícula ordinaria e 1 en formación continua que unha vez obteña o título pasará a matrícula ordinaria. Ese mesmo día deuse de baixa un alumno e a secretaría do centro está chamando os candidatos que quedaron en lista de agarda.

Na lista de estudantes con materias pendentes do curso 2014/2015, cinco teñen pendente só o TFM (dous xa pediron a convocatoria adiantada ao 1º cuadrimestre), e unha alumna ten unha materia do módulo 4 e o TFM.



**2.- Aprobación, se procede, das actas das sesións do 09/07/2015, 29/07/2015 e 09/09/2015.**

Apróbanse por asentemento as actas das sesións do 09/07/2015, 29/07/2015 e 09/09/2015.

**3.- Asignación de titores do Plan de Acción Titorial do curso 2015/2016.**

Apróbase por asentemento a asignación de titores do PAT 2015/2016 (ANEXO 1).

A proposta de asignación de titores realizouse tendo en conta o ámbito de coñecemento en relación co módulo escollido.

**4.- Aprobación, se procede, de solicitudes de matrícula a tempo parcial.**

Aprobadas catro solicitudes a **tempo parcial** (1º ano primeiro cuadrimestre e 2º ano segundo cuadrimestre): Dúas de continuación do curso 2014/2015: Sonia Seco Lanzós e David Holguera sillero. Dúas para o curso 2015/2016: Óscar Barros Fernández e Estefanía Sánchez Hidalgo.

**5.- Aprobación, se procede, dos tribunais da convocatoria adiantada do Traballo Fin de Máster.**


Apróbase, por asentemento, a proposta de tribunais de TFM da convocatoria adiantada (ANEXO 2).

**6.- Aprobación, se procede, do calendario de avaliación de materias da convocatoria adiantada.**


Apróbase, por asentemento, o calendario de avaliación de materias da convocatoria adiantada, coa condición de adecualo ao número de estudantes que soliciten exame e das materias afectadas.

**7.- Rogos e preguntas:**

A coordinadora pide aos coordinadores de módulo que avisemos ao profesorado para que configuren os foros de avisos das materias Moodle con subscripción automática para permitir aos estudantes que se dean de baixa neses foros. Tamén pide aos coordinadores de



HTCO<sub>3</sub>



MÁSTER EN VALORACION,  
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO  
PATRIMONIO CULTURAL

módulo que transmitamos aos coordinadores de materia a conveniencia de evitar no posible a existencia de máis dun foro por materia.

Sen máis remata a sesión

Ourense, a 29 de setembro de 2015

A Coordinadora

A Secretaria

Asdo. Beatriz Comendador Rey


Asdo. M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz

#### DILIXENCIA


Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 11/11/2015.

A Secretaria,

M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz



HTCO<sub>3</sub>



MÁSTER EN VALORACION,  
GESTIÓN E PROTECCIÓN DO  
PATRIMONIO CULTURAL

## ANEXO 1: Asignación titores PAT 2015/2016



**Proposta**  
**Asignacion titores 2**

## ANEXO 2: Tribunais TFM convocatoria adelantada.



**Proposta Tribunais**  
**Convocatoria adiant**